



CONCELLO  
DA LARACHA

## **NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA HARMONIZA: CONCILIANDO NA LARACHA - MADRUGA CURSO ESCOLAR 2025-2026**

### **FUNCIONAMENTO:**

1.- O servizo prestarase de luns a venres, en días lectivos, en horario de 7:00 ata a apertura do centro escolar.

2.- A solicitude de inscrición para o acceso ao servizo realizarase no Concello da Laracha, no modelo normalizado que existe para tal fin, xunto coa documentación exixida e que figura na solicitude.

3.- Fíxase un **prazo de inscrición para realizar a solicitude para o curso escolar 2025/2026 do 1 de maio ao 31 de xullo de 2025**. Rematado o prazo de inscrición fixado, poderán presentarse solicitudes con posterioridade, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnas/os, a/o solicitante será incluída/o na lista de agarda.

4.- O número de prazas dispoñibles durante o curso escolar é 120 no CEIP Otero Pedrayo, 35 no CEIP Alfredo Brañas e 20 no CEIP de Caión, motivo polo cal, os **criterios de valoración** para o acceso ao programa serán exclusivamente as necesidades de conciliación obxectivamente demostradas, mediante o que se avaliará en primeiro lugar as circunstancias laborais da unidade familiar, e a continuación outras situacións sociofamiliares e persoais que precisen dunha medida de apoio á conciliación.

5.- Existen tres modalidades de solicitude: 1. **Mes natural completo**, 2. **Días soltos concertados** e 3. **Días ocasionais**. En todas as modalidades existe a opción con almorzo e sen almorzo

6.- A modalidade de **días soltos concertados** refírese á utilización do servizo varios días á semana ou ben todos os días en semanas alternas. Non momento de realizar a solicitude de praza deberán especificar os días concretos ou número de días ao mes que van utilizar o servizo, debendo aboar a cota por estes días concertados. A utilización do servizo unha vez por semana non correspondería a esta modalidade xa que suporía utilizalo de xeito ocasional. Os días soltos contabilízanse ata 12 días, a partir do 13 cobrarase o mes completo.

7.- A **utilización do servizo ocasionalmente** refírese á utilización do mesmo de xeito esporádico, incluída a utilización do mesmo unha vez por semana. Os usos ocasionais estarán condicionados pola existencia de prazas dispoñibles e deberán comunicarse

previamente pola persoa solicitante ao Concello **polo menos con 48 horas de antelación**, comunicación que se deberá realizar no teléfono: 981612811.

O uso reiterado do servizo ocasionalmente será valorado polo equipo técnico do programa, o cal poderá determinar o cambio de modalidade.

8.- A alta, **baixa ou modificación da modalidade** de utilización do servizo deberá ser notificada por escrito ao Concello da Laracha antes do día 22 do mes anterior, en caso contrario deberase aboar a mensuralidade correspondente. Se a incorporación faise unha vez comezado o mes, aboarase o mes completo.

9.- O número de alumnas/os por cada centro educativo durante o período escolar para a posta en marcha do será de 15 como mínimo no CEIP Otero Pedrayo, 10 no CEIP Alfredo Brañas e 6 no CEIP de Caión, na modalidade de usuaria/o fixa/o.

10.- Considérase usuaria/o fixa/o aquel alumnado que se matricula no servizo durante todo o curso escolar, ben sexa a mes completo ou días soltos.

11.- O concello resérvase o dereito a anular a posta en marcha do servizo se non se supera o número mínimo de usuarias/os.

12.- O *Programa Harmoniza: Conciliando na Laracha - Madruga* comprende os seguintes servizos:

a) Apertura dos centros escolares e recepción e control da chegada das crianzas ás instalacións, que deben ser entregadas ao monitorado por un adulto.

b) Servizo de vixilancia e proteccións das crianzas participantes.

c) Realización de actividades.

d) Servizo de almorzo.

13.- Será requisito para acceder ao servizo estar matriculado/a nun centro escolar de Educación Infantil e Primaria do Concello da Laracha no que se poña en funcionamento o servizo.

14.- As persoas usuarias poderán acollerse á redución do prezo das cotas fixadas en concepto de prezos públicos, segundo o baremo establecido nas Ordenanzas reguladoras do Programa Harmoniza do Concello da Laracha , mediante o que se avaliará a situación sociofamiliar e económica da unidade familiar, para o cal deberán achegar a documentación xustificativa reflectida no citado anexo.

15.- As persoas usuarias que presenten documentación tendente á aplicación da redución das cotas recollidas no parágrafo anterior deberán informar ao Concello, no prazo de 15 días hábiles desde a data en que se produzan, da modificación de calquera das circunstancias que xustificasen a aplicación dos devanditos beneficios. O incumprimento desta obriga suporá, ademais da esixibilidade das cotas que

indebidamente deixaron de satisfacer, a inmediata baixa no servizo da/o usuaria/o, e a prohibición de solicitalo por un período dun exercicio.

16.- As persoas usuarias deberán aboar o servizo mediante autoliquidación ao Concello da Laracha, nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao da prestación do servizo. A cota a aboar será fixa independentemente de que se disfrute ou non a totalidade dos días concertados. A falta de pagamento dun recibo significará a baixa automática do servizo.

17.- As persoas usuarias na modalidade de días soltos aboarán as cotas dos días que teñan concertados na solicitude, se necesitaran facer uso do servizo máis días dos especificados na solicitude de praza, aboarán os días a maiores ao mesmo prezo que as/os usuarias/os ocasionais.

18.- O monitorado non administrará ningunha medicación salvo estrita prescripción médica que xustifique a necesidade de facelo no horario que permanece a crianza no servizo de conciliación. Dita prescripción detallará o tipo de medicación, cantidade e modo de administración. Todo o anterior avalado mediante informe médico e autorización por escrito da nai, pai ou representante legal.

19.- Serán causa de extinción do servizo e baixa no mesmo as seguintes:

- a) Incumprimento dos requisitos establecidos e normativa de funcionamento.
- b) Por solicitude dos proxenitores ou representantes legais.
- c) A falta de pagamento da cota establecida.
- d) A comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- e) A falta de asistencia durante un mes sen causa xustificada.
- f) A falta de cumprimento da obriga da posta en coñecemento ao concello da modificación sobrevida das circunstancias que deran lugar á redución da cota establecida.
- g) Comportamentos disruptivos graves por parte da persoa usuaria do servizo.

## **ORGANIZACIÓN:**

1.- Valorarase individualmente a posibilidade de participación no ***Programa Harmoniza: Conciliando na Laracha.***

2.- As familias deberán estar localizadas e en disposición de recoller á persoa participante de forma inmediata no caso de que así se requira polo monitorado do Programa.

3.- Establécense diferentes quendas de entrada cada cuarto de hora: ás 7:00, 7:15, 7:30, 7:45, 8:00, 8:15, 8:30 e 8:45.

A Laracha, 30 de abril de 2025